





# MEMORIA ORZAMENTO DPO EXERCICIO 2024

# ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>4</b>
1.1.	MOTIVACIÓN.....	4
1.2.	NORMATIVA APLICABLE.....	5
<b>2.</b>	<b>O ORZAMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2024. ....</b>	<b>6</b>
2.1.	CONTIDO.....	6
2.2.	CONTÍA DO ORZAMENTO.....	9
2.3.	ESTADO DE GASTOS.....	10
2.4.	PROGRAMAS DE GASTO.....	16
2.5.	ESTADO DE INGRESOS.....	20
<b>3.</b>	<b>MODIFICACIÓNS EN RELACIÓ N CO ORZAMENTO VIXENTE.....</b>	<b>24</b>
3.1.	ESTADO DE GASTOS.....	24
3.2.	ESTADO DE INGRESOS.....	29
3.3.	BASES DE EXECUCIÓ N.....	33

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. MOTIVACIÓN

De acordo coa definición dada polo artigo 162 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en diante), os orzamentos xerais das Entidades Locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Así, de conformidade co artigo 164 do dito texto legal, as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrarán o orzamento da propia entidade e os dos organismos autónomos dependentes desta, así como os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade.

En relación co orzamento da entidade, este será formado polo presidente e a el haberá de unirse a documentación á que fai mención o artigo 168 do TRLRFL, entre a cal se encontra a memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

Deste modo, para os efectos de dar cumprimento ao precepto referido no parágrafo anterior, emítase a presente **Memoria do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.**

## 1.2. **NORMATIVA APLICABLE**

A normativa aplicable esta constituída basicamente pola lexislación seguinte:

- TRLRFL.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (RD 500/1990 en diante).
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, en diante).
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF en diante).

## **2. O ORZAMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2024**

### **2.1. CONTIDO**

De conformidade co artigo 165.1 do TRLRFL, o Orzamento Xeral conterá, para cada un dos orzamentos que nel se integren:

- a. Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- b. Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas dos previstos para o orzamento.

Ademais dos contidos anteriores, e de conformidade co artigo 166 do TRLRFL, deberán acompañarse ao Orzamento Xeral os anexos seguintes:

- Os plans e programas de investimento e financiamento, referidos a un horizonte temporal de catro anos.
- Os programas anuais de actuación, investimentos e financiamento das sociedades mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou partícipe maioritario a entidade local.

- O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co de todos os orzamentos e estados de previsión dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís.
- O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

Sen prexuízo do contido anterior, de conformidade co artigo 168.1, ao orzamento da entidade local deberán unirse os documentos seguintes:

- A memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co orzamento vixente.
- A liquidación do orzamento do exercicio anterior e o avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- O anexo de persoal da Entidade Local.
- O anexo dos investimentos para realizar no exercicio.
- O anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.
- O anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pagamento e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o Orzamento Xeral e das obrigas pendentes de pagamento e dereitos económicos pendentes de cobranza, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a

que os devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da LBRL).

- Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

A documentación referida nos parágrafos anteriores forma parte do contido do Orzamento da entidade para o exercicio 2024, a excepción do anexo de beneficios fiscais, ao non constar concedidos beneficios fiscais en relación cos tributos da entidade, e do anexo dos convenios en materia social coa Comunidade Autónoma, ao non existir convenios na dita materia que impliquen cofinanciamento por parte da Administración Autonómica.



## 2.2. CONTÍA DO ORZAMENTO

O **importe do orzamento da entidade para o exercicio 2024**, tanto do estado de gastos, como do estado de ingresos, ascende á cantidade total de **96.050.000,00 €**, o que supón un incremento de 5.080.000,00 € en termos absolutos, e do 5,58 % en termos relativos, respecto do orzamento do exercicio anterior, debido principalmente a un incremento dos recursos previstos procedentes da participación da entidade nos tributos do Estado, así como un incremento previsto no gasto corrente, motivado basicamente este último pola alza dos prezos das subministracións e da previsible suba nas retribucións dos empregados públicos, segundo se recolle na táboa seguinte:

Orzamento 2024	Orzamento 2023	Variación €	Variación %
96.050.000,00 €	90.970.000,00 €	5.080.000,00 €	+5,58 %

Así pois, o orzamento da entidade presenta inicialmente unha situación de equilibrio entre o estado de ingresos e o estado de gastos.

### 2.3. ESTADO DE GASTOS

O **estado de gastos** do Orzamento da DPO para o exercicio 2024 ascende a un importe global de **96.050.000,00 €**, o cal se distribúe nos capítulos seguintes:

ESTADO DE GASTOS	2024	%VARIACIÓN /TOTAL
I. Gastos de persoal	38.500.000,00 €	40,08%
II. Gastos correntes en bens e servizos	23.286.065,38 €	24,24%
III. Gastos financeiros	150.000,00 €	0,16%
IV. Transferencias correntes	21.055.621,41 €	21,92%
V. Fondo de continxencia	300.000,00 €	0,31%
VI. Investimentos reais	5.155.493,74 €	5,37%
VII. Transferencias de capital	7.302.819,47 €	7,60%
VIII. Activos financeiros	300.000,00 €	0,31%
IX. Pasivos financeiros	- €	
	<b>96.050.000,00 €</b>	<b>100,00%</b>

#### ▪ Capítulo I. Gastos de persoal

O **capítulo I** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos de persoal da entidade.

As remuneracións do persoal axústanse á estrutura prevista no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No tocante ás retribucións complementarias fixadas, estas axústanse á Relación de Postos de Traballo da entidade.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 38.500.000,00 €, o que representa un 40,08 % con respecto ao importe total dos gastos.**

## ▪ **Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos**

O **capítulo II** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos correntes en bens e servizos necesarios para o funcionamento da entidade, así como para facer fronte ás indemnizacións por razón de servizo a favor do persoal, así como dos deputados e deputadas sen dedicación pola súa asistencia aos órganos corporativos.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 23.286.065,38 €, o que representa un 24,24 % con respecto ao importe total dos gastos.**

## ▪ **Capítulo III. Gastos financeiros**

O **capítulo III** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos financeiros da entidade, os cales engloban os xuros do único préstamo vivo da entidade, os xuros relativos aos avais e fianzas, así como as comisións bancarias e similares.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 150.000,00 €, o que representa un 0,16 % con respecto ao importe total dos gastos.**

## ▪ **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O **capítulo IV** recolle as consignacións necesarias para facer fronte as obrigas derivadas da actividade subvencional da entidade en materia de gasto corrente.

En concreto, recóllense as consignacións orzamentarias relativas ás transferencias correntes e subvencións que pola súa natureza se entenden imprescindibles para o funcionamento doutros servizos ou entidades do Sector Público Local, como son as transferencias correntes ao INORDE, ao Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento e ao Consorcio de Augas de Valdeorras.

Así mesmo, recóllense as transferencias e subvencións a favor dos concellos mediante un novo Plan de cooperación para as obras e servicios municipais e da rede viaria provincial que destinarase a todos os concellos da provincia e a Entidade Local Menor de Berán , exceptuando ao concello de Ourense, cunha dotación neste capítulo dun 60% da cantidade total á que ascende o Plan.

Pola súa banda, mantéñense os concursos de subvencións para atencións benéficas e sociais, de acción social, para entidades deportivas, escénicas e musicais, deportistas cualificados, eventos deportivos e Copas Deputación, pola ampla participación que se obtivo nestes anos nestas liñas.

Inclúense así mesmo, as participacións directas da Deputación nas fundacións culturais das que forma parte, como son a Fundación Otero Pedraio, Fundación Eduardo Blanco Amor, Fundación Carlos Casares, Fundación Vicente Risco, Fundación Curros Enríquez ou Fundación Sotelo Blanco, así como a favor de entidades educativas, como son a UNED ou a Universidade de Vigo.

Ademais, séguese apostando desde esta institución provincial pola promoción da cultura, especialmente do teatro, coa subvención a favor de Sarabela Teatro, e o apoio ao FITO e á MITEU, pola importancia destes espectáculos no panorama cultural, así como pola Ínsua dos Poetas, como lugar de espallamento da cultura galega.

**Así, o importe total consignado neste capítulo ascende a 21.055.621,41 €, o que representa un 21,92 % con respecto ao importe total dos gastos.**

#### ▪ **Capítulo V. Fondo de continxencia**

O **capítulo V** recolle a consignación do Fondo de Continxencia, destinado á atención de necesidades imprevistas, inaprazables e non discrecionais, para as que non exista crédito orzamentario ou o previsto resulte insuficiente, cumprindo así a obriga legal introducida polo artigo 31 da LOEPSF.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 300.000,00 €, o que representa un 0,31% con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Capítulo VI. Inversións reais**

O **capítulo VI** recolle as consignacións necesarias para facer fronte as obrigas derivadas dos investimento que se prevén realizar pola entidade.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 5.155.493,74 €, o que representa un 5,37 % con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O **capítulo VII** recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas derivadas da actividade subvencional da entidade en materia de gastos de capital.

Neste capítulo, destacan as subvencións de capital e subvencións a favor dos concellos mediante un novo Plan de cooperación para as obras e servizos municipais e da rede viaria provincial que destinarase a todos os concellos da provincia e a Entidade Local Menor de Berán , exceptuando ao concello de Ourense, cunha dotación neste capítulo dun 40% da cantidade total á que ascende o Plan.

**O importe total consignado no capítulo VII ascende a 7.302.819,47 €, o que representa un 7,60 % con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII** recolle a consignación necesaria para facer fronte ás obrigas derivadas dos anticipos concedidos ao persoal.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 300.000,00 €, o que representa un 0,31 % con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O **capítulo IX non** recolle consignación debido a que o único préstamo vivo da Entidade

cancelouse anticipadamente a finais do exercicio 2023.

## 2.4. PROGRAMAS DE GASTOS

Desde o punto de vista da clasificación por programas, o Orzamento da entidade para o exercicio 2023 presenta os datos seguintes:

Áreas de Gasto	Exercicio 2024	Peso relativo
<b>0.- Débeda Pública</b>	<b>150.000,00 €</b>	0,16%
<b>1.- Servizos públicos básicos</b>	<b>17.700.050,71 €</b>	18,43%
<b>2.- Actuacións de protección e promoción social</b>	<b>4.002.592,53 €</b>	4,17%
<b>3.- Produción de bens públicos de carácter preferente</b>	<b>10.972.358,11 €</b>	11,42%
<b>4.- Actuacións de carácter económico</b>	<b>22.002.946,05 €</b>	22,91%
<b>9.- Actuacións de carácter xeral</b>	<b>41.222.052,60 €</b>	42,92%
	<b>96.050.000,00 €</b>	100,00%

Deseguido, analízanse os aspectos máis destacables das distintas áreas de gasto do Orzamento:

- **Área de gasto 0. Débeda pública**

Esta área comprende os gastos das operacións financeiras da entidade.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 150.000,00 €, o que representa un 0,16 % con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Área de gasto 1. Servizos públicos básicos**

A área de gasto 1 comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, debe prestar a entidade, atendendo á súa función de cooperación e asistencia aos municipios.

Dentro de esta área, inclúense os programas de protección civil, do servizo contra incendios, do servizo de augas e medio ambiente, da EDAR San Cibrao, da unidade provincial de lixo, dos puntos limpos e plantas de transferencia, da limpeza viaria, da rede provincial de recollida de animais abandonados.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 17.700.050,71 €, o que representa un 18,43 % con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Área de gasto 2. Actuacións de protección e promoción social**

Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias destinados á acción social e ao fomento do emprego.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 4.002.592,53 €, o que representa un 4,17 % con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Área de gasto 3. Producción de bens públicos de carácter preferente**

A área de gasto 3 comprende todos os gastos que realice a entidade en relación coa sanidade, educación, cultura, co lecer e o tempo libre, co deporte, e, en xeral, todos aqueles gastos tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida.

En relación coa política de gasto de sanidade, inclúense as consignacións destinadas á prevención de riscos laborais e ao termalismo.

Dentro da política de gasto de educación, cabe destacar as consignacións destinadas á UNED, á Universidade de Vigo ou ás escolas de artes e oficios.

No plano cultural, inclúense consignacións destinadas á biblioteca, ás escolas de gaitas e de danzas, á escola taller de gaitas, ao Museo Galego do Entroido, ás distintas edicións e publicacións, ao gabinete de galego, ao Centro Cultural Marcos Valcárcel, ao Teatro Principal, ao fomento de actividades culturais, recreativas e musicais, á Insua dos Poetas, ao Patrimonio Histórico Artístico, ao Pazo de Vilamarín, ou ás agrupacións corais e musicais, entre outros.

En relación co deporte, inclúense nesta área os gastos asociados ao funcionamento do Paco Paz e aos programas de promoción e fomento do deporte.

**Así, o importe total consignado neste área ascende a 10.972.358,11 €, o que representa un 11,42 % con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Área de gasto 4. Actuacións de carácter económico**

Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias tendentes a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica, así como os gastos en infraestruturas.

Dentro desta área destacan o grupo de programa de medio rural, as políticas de gasto de industria e enerxía e comercio e, principalmente, a política de gasto de infraestruturas.

Nesta área de gasto inclúese o Plan de cooperación de Ourense para as obras e servizos municipais para o exercicio 2024, para todos os concellos da provincia (exceptuase Ourense capital) e da Entidade Local Menor de Berán

**O importe total consignado nesta área ascende a 22.002.946,05 €, o que representa un 22,91 % con respecto ao importe total dos gastos.**

- **Área de gasto 9. Actuacións de carácter xeral**

Por último, na área de gasto 9 inclúense os gastos relativos a actividades que afecten, con carácter xeral, á entidade, e que consistan no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo e de soporte lóxico e técnico a toda a organización.

Dentro desta área, cabe destacar ás políticas de gasto correspondentes aos órganos de goberno, aos servizos de carácter xeral e á administración financeira e tributaria.

**O importe total consignado neste capítulo ascende a 41.222.052,60 €, o que representa un 42,92 % con respecto ao importe total dos gastos.**



## 2.5. ESTADO DE INGRESOS

O **estado de ingresos** do Orzamento da DPO para o exercicio 2024 ascende a un importe global de **96.050.000,00 €**, distribuíndose nos capítulos seguintes:

ESTADO DE INGRESOS	2024	%VARIACIÓN /TOTAL
I.- Impostos directos	5.000.000,00 €	5,21%
II.-Impostos indirectos	4.762.000,00 €	4,96%
III.-Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.922.150,00 €	5,12%
IV.-Transferencias correntes	80.323.950,00 €	83,63%
V.-Ingresos patrimoniais	730.900,00 €	0,76%
VI.-Alleamento de investimentos reais	10.000,00 €	0,01%
VII.-Transferencias de capital	1.000,00 €	0,00%
VIII.-Activos financeiros	300.000,00 €	0,31%
IX.-Pasivos financeiros	- €	
	<b>96.050.000,00 €</b>	<b>100,00%</b>

### ▪ Capítulo I. Impostos directos

O **capítulo I** recolle os recursos previstos procedentes da recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas (Subconcepto 17100), así como da inspección desta (Subconcepto 17101), e da cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas (Subconcepto 10000).

Así, tal e como se amosaba na táboa anterior, **o capítulo I do estado de ingresos ascende a un importe de 5.000.0000 €, o que representa unha porcentaxe do 5,21% sobre o total dos ingresos previstos.**

## ▪ **Capítulo II. Impostos indirectos**

O **capítulo II** engloba unicamente as cesións do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais do Estado sobre o alcohol e bebidas derivadas, a cervexa, as labores do tabaco, os hidrocarburos e os produtos intermedios (conceptos 210 e 220).

O importe total previsto no exercicio 2024 nos conceptos do capítulo II ascende a 4.762.000,00 €, o que representa **unha porcentaxe do 4,96 % sobre o total dos ingresos previstos.**

## ▪ **Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos**

O **capítulo III** do estado de ingresos recolle os recursos previstos procedentes das distintas taxas, prezos públicos e outros ingresos a liquidar durante o exercicio (artigos 30, 32, 33, 34, 36, 38 e 39), **ascendendo o seu importe á cantidade de 4.922.150,00 €, representando o 5,12 % sobre o total dos ingresos previstos.**

## ▪ **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O **capítulo IV** do estado de ingresos recolle as transferencias correntes procedentes do Estado, da Comunidade Autónoma, das Entidades Locais e das Mancomunidades (artigos 42, 45 e 46).

**O importe total previsto neste capítulo ascende a 80.323.950,00 €, o que representa un 83,63 % con respecto ao importe total dos ingresos**, supoñendo, con moita diferenza, a principal vía de recursos da entidade, e destacando entre estes a participación no Fondo Complementario de Financiamento (Subconcepto 42010).

## ▪ **Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

O **capítulo V** recolle os recursos previstos procedentes tanto das distintas concesións administrativas da entidade, como dos xuros de depósitos e dos dividendos pola participación en sociedades mercantís e entidades non dependentes (artigos 52, 53 e 55), **ascendendo o importe total previsto a 730.900,00,00 €, representando un 0,76 % con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais**

O **capítulo VI** recolle os produtos previstos pola venda de soares, maquinaria e vehículos (Subconcepto 60000, 61300 e 61400), o cal **ascende a 10.000,00 €, representando o 0,01% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O **capítulo VII** recolle as transferencias de capital previstas procedentes da Comunidade Autónoma, das Entidades Locais e da Unión Europea (artigos 75, 76 e 79), **ascendendo o seu importe a 1.000,00 €, o que supón o 0,001 % con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII** tan só recolle os ingresos procedentes do reintegro de anticipos concedidos ao persoal (Subconcepto 83100), o cal **ascende a 300.000,00 €, representando o 0,31% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O **capítulo IX non ten previsión inicial**, xa que non se prevé a obtención de recursos procedentes de pasivos financeiros.

### 3. MODIFICACIÓNS EN RELACIÓ N CO ORZAMENTO VIXENTE

#### 3.1. ESTADO DE GASTOS

O **estado de gastos** ascende a un importe global de **96.050.000,00 €**, o que supón un **incremento de 5.080.000,00 € en termos absolutos e do 5,58 % en termos relativos**, respecto do estado de gastos do exercicio anterior, debido principalmente, como xa se comentou no primeiro apartado, á alza dos prezos das subministracións e da previsible suba nas retribucións dos empregados públicos.

Na táboa seguinte, recóllense as variacións cuantitativas, en termos absolutos e relativos, do estado de gastos do Orzamento do exercicio 2024, en relación co Orzamento anterior:

ESTADO DE GASTOS	2024	2023	VARIACIÓN	VARIACIÓN (%)
I. Gastos de persoal	38.500.000,00 €	35.291.531,98 €	3.208.468,02 €	9,09%
II. Gastos correntes en bens e servizos	23.286.065,38 €	23.010.727,34 €	275.338,04 €	1,20%
III. Gastos financeiros	150.000,00 €	329.750,00 €	- 179.750,00 €	-54,51%
IV. Transferencias correntes	21.055.621,41 €	14.084.262,03 €	6.971.359,38 €	49,50%
V. Fondo de continxencia	300.000,00 €	300.000,00 €	- €	0,00%
VI. Investimentos reais	5.155.493,74 €	11.622.137,61 €	- 6.466.643,87 €	-55,64%
VII. Transferencias de capital	7.302.819,47 €	5.329.390,64 €	1.973.428,83 €	37,03%
VIII. Activos financeiros	300.000,00 €	300.000,00 €	- €	0,00%
IX. Pasivos financeiros	- €	702.200,40 €	- 702.200,40 €	-100%
	<b>96.050.000,00 €</b>	<b>90.970.000,00 €</b>	<b>5.080.000,00 €</b>	<b>5,58%</b>

Deseguido, analízanse as principais variacións en relación cos distintos capítulos do estado de gastos:

- **Capítulo I. Gastos de persoal**

No **capítulo I** do estado de gastos prevese un **incremento do 9,09 %**, respecto do exercicio anterior, o cal responde basicamente a un incremento estimado do 3% das retribucións dos empregados públicos, sen prexuízo da súa confirmación na Lei de Orzamentos do Estado para o exercicio 2024, así como ao incremento das retribucións básicas en concepto de trienios dos empregados da entidade e á amortización e creación de distintos postos no cadro de persoal.

- **Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos**

O importe consignado no **capítulo II** supón un **incremento do 1,20 %**, respecto do exercicio anterior.

- **Capítulo III. Gastos financeiros**

O importe consignado no **capítulo III** supón **unha variación do -54,51 %**, respecto do exercicio anterior, o cal vén motivado pola cancelación do único préstamo vivo da Entidade no exercicio 2023.

- **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O importe consignado no **capítulo IV** supón un **incremento do 49,50 %**, respecto do exercicio anterior, incrementando deste xeito os recursos destinados a transferencias e subvencións correntes, a través dun novo Plan de cooperación para as obras e servizos municipais que chegará a todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a Entidade Local Menor de Berán.

- **Capítulo V. Fondo de continxencia**

O **capítulo V non sofre variación** en relación co Orzamento do exercicio anterior.

- **Capítulo VI. Investimentos reais**

O importe consignado no **capítulo VI** supón **unha variación do -55.64 %**, respecto do exercicio anterior, motivado pola dotación elevada que supuxo ao orzamento o novo Plan de Cooperación con todos os concellos.

- **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O importe consignado no **capítulo VII** supón **un incremento do 37,03%**, respecto do exercicio anterior, motivado pola dotación elevada que supuxo ao orzamento o novo Plan de Cooperación con todos os concellos ( o 40 % da totalidade do Plan).

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII non sofre variación** en relación co Orzamento do exercicio anterior.

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O **capítulo IX non ten consignación orzamentaria para o exercicio 2024, ao non existir débeda.**

### 3.2. ESTADO DE INGRESOS

O **estado de ingresos** ascende a un importe global de **96.050.000,00 €**, o que supón **un incremento de 5.080.000,00 € en termos absolutos e do 5,58 % en termos relativos**, respecto do estado de ingresos do exercicio anterior, debido principalmente á previsión da obtención de maiores recursos procedentes da participación nos tributos do Estado, tanto na cesión de tributos, como na participación da entidade no Fondo Complementario de Financiamento.

O dito estado de ingresos distribúese nos capítulos seguintes:

ESTADO DE INGRESOS	2024	2023	VARIACIÓN	VARIACIÓN (%)
I.- Impostos directos	5.000.000,00 €	5.000.000,00 €	- €	0,00%
II.- Impostos indirectos	4.762.000,00 €	4.532.000,00 €	230.000,00 €	5,08%
III.- Taxas, prezos públicos e outros ingr	4.922.150,00 €	4.993.379,48 €	- 71.229,48 €	-1,43%
IV.- Transferencias correntes	80.323.950,00 €	75.720.184,67 €	4.603.765,33 €	6,08%
V.- Ingresos patrimoniais	730.900,00 €	165.212,00 €	565.688,00 €	342,40%
VI.- Alleamento de investimentos reais	10.000,00 €	21.000,00 €	- 11.000,00 €	-52,38%
VII.- Transferencias de capital	1.000,00 €	238.223,85 €	- 237.223,85 €	-99,58%
VIII.- Activos financeiros	300.000,00 €	300.000,00 €	- €	0,00%
IX.- Pasivos financeiros	- €			
	<b>96.050.000,00 €</b>	<b>90.970.000,00 €</b>	<b>5.080.000,00 €</b>	<b>5,58%</b>

Deseguido, analízanse as principais variacións en relación cos distintos capítulos do estado de ingresos:

- **Capítulo I. Impostos directos**

No capítulo I, a recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas prevese do mesmo importe que no exercicio 2023, ascendendo no exercicio 2024 a 5.000.000,00 €, o que non supón variación respecto do exercicio anterior.

Ambos incrementos veñen motivados pola execución destes ingresos no último exercicio liquidado.

Así, o importe previsto no **capítulo I non supón variación** respecto do exercicio anterior.

- **Capítulo II. Impostos indirectos**

O importe total previsto no exercicio 2024 nos conceptos do **capítulo II** ascende a 4.762.000,00 €, o que supón un **incremento do 5,08 %** dos recursos previstos neste capítulo respecto do exercicio anterior, incremento baseado na execución destes ingresos no último exercicio liquidado, seguindo o mesmo criterio que no capítulo I.

- **Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos**

O importe previsto no **capítulo III** do estado de ingresos supón unha variación dun - **1,43%**, respecto do exercicio anterior, decremento baseado novamente na execución destes ingresos no último exercicio liquidado.

- **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O importe previsto no **capítulo IV** supón un **incremento do 6,08 %**, respecto do exercicio anterior, o cal vén motivado maiormente polo importe das entregas a conta realizadas por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas durante o presente exercicio en relación co Fondo Complementario de Financiamento.

- **Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

O importe previsto no **capítulo V** supón un **incremento do 342,40 %** respecto do exercicio anterior, baseado novamente na execución destes ingresos no último exercicio liquidado, axustando os valores aos datos reais da entidade para o exercicio 2024.



- **Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais**

O **capítulo VI** **sofre unha variación do -52,38 %** en relación co importe previsto inicialmente no orzamento anterior.

- **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O importe previsto no **capítulo VII** supón **unha diminución do – 99,58 %** respecto ao exercicio anterior, a cal vén motivada basicamente na non previsión de obtención de transferencias de capital procedentes do Estado.

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII non sofre variación** en relación co importe previsto inicialmente no orzamento anterior.

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O **capítulo IX non ten previsión inicial**, ao igual que no exercicio anterior, xa que non se prevé a obtención de recursos procedentes de pasivos financeiros.

### 3.3. BASES DE EXECUCIÓN

Como xa se sinalou no apartado 1 da memoria, as bases de execución do Orzamento, como parte integrante deste, conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas dos previstos para o orzamento.

Para o vindeiro exercicio 2024, as bases de execución son obxecto de modificacións puntuais, referidas principalmente aos seguintes extremos:

- Actualización da base 29ª, relativa á execución do estado de gastos da entidade.
- Modificación do Título VII, en relación cos procedementos a seguir no caso de liquidación de horas extraordinarias, gratificacións, produtividades e indemnizacións por razón de servizo.
- Modificación do Anexo I, referido ao formulario de liquidación das indemnizacións por razón de servizo.
- Modificación do Anexo III, relativo aos extremos adicionais a verificar no exercicio da función interventora.
- Modificación do Anexo IV, relativo ás subvencións nominativas para o exercicio 2024.



**Ourense, na data da sinatura electrónica**

**O presidente**

**Luís Menor Pérez**